



*Diego de la Fuente*

5º Educación Primaria

# Día das letras galegas 2022



# FLORENCIO M. DELGADO GURRIARÁN

## BIOGRAFÍA

Florencio Manuel Delgado Gurriarán naceu na aldea de Córghomo, no concello ourensán de Vilamartín de Valdeorras, o 27 de agosto de 1903. Era fillo de Florencio e Consuelo e o máis pequeno dos cinco irmáns.

Estudou primaria e bacharelato en Palencia e Valladolid, cidades ás que foi destinado seu pai, que era profesor da Escola de Peritos Agrícolas.

En Valladolid fixo a carreira de Dereito e despois exerceu como avogado no Barco de Valdeorras.

Despois da Guerra marchou a México e alí casou con Celia, filla de emigrantes galegos e coa que tivo cinco fillos.

No ano 1934 editouse o seu libro de poemas *Bebedeira*, ao que lle seguiron *Galicia infinda*, *Cantarenas* e *O soño do Guieiro*.


En México colaborou na revista *Vieiros* e no programa radiofónico *A Hora de Galicia*, que estivo en antena todos os domingos durante case vinte anos.

Faleceu en Fair Oaks, California, o 14 de maio de 1987 cando visitaba a un dos seus cinco fillos.


Foi membro da Real Academia Galega e esta dedícalle o Día das Letras de 2022 pola súa contribución á defensa do noso idioma e da nosa cultura.



A familia Delgado Gurriarán ao completo. Florencio, de pé, o primeiro á dereita.




En *Cantarenas* recóllense poemas dedicados por Florencio ao viño e á súa terra de Valdeorras.



Florencio, en Sargadelos, no ano 1981 durante a súa última visita a Galicia.

## QUE SABES DE FLORENCIO M. DELGADO?

1. Resolve o encrucillado cos datos da biografía de Florencio Delgado.



### HORIZONTAIS

1. Nome da muller de Florencio.
2. Aldea natal.
3. Nome dunha revista que fundou en México.
4. Nome da nai.
5. Cantos anos estivo emitíndose en México o programa radiofónico *A hora de Galicia*. Case....
6. País no que se exiliou despois da guerra.


### VERTICAIS

- A. Mes no que naceu un día vinte e sete do ano 1903.

**HORIZONTAIS** 1. CELIA 2. CÔRGOMO 3. VIEIROS 4. CONSUELO 5. VINTE 6. MÉXICO  
**VERTICAIS** A. AGOSTO


2. Cando, ao igual que outra moita xente de Galicia, Florencio tivo que exiliarse a América, había que facelo en barco, neste caso o Ipanema, nunha viaxe que duraba uns 25 días.

Se a distancia entre Galicia e México son 8594 kilómetros e a viaxe duraba 25 días, cantos kilómetros percorría o Ipanema cada día? Se o pasamos a metros, cantos nos saen?



3. Marca as oracións sobre Florencio Delgado Gurriarán que son falsas e corríxeas.

- Florencio naceu no Barco de Valdeorras.
- Os seus pais foron Florencio e Consuelo.
- O autor tiña catro irmáns.
- Emigrou a Arxentina antes da guerra.
- Foi colaborador na revista Roteiros.
- Morreu en 1987 en Estados Unidos.




4. Escribe oito palabras que conteñan as letras do nome do autor.

## FLORENCIO MANUEL DELGADO GURRIARÁN

						<b>F</b>	<b>A</b>	<b>M</b>	<b>E</b>										

5. O primeiro libro que escribe Florencio é un libro de poemas titulado *Bebedeira* que é unha homenaxe á súa terra. Atrévete a crear un poema de catro versos sobre a túa terra e facer un debuxo?

<hr/> <hr/> <hr/> <hr/>	
-------------------------	--

6. Florencio tivo que exiliarse a México, país situado no continente americano. Nomea os seis continentes e algún país de cada un deles.

CONTINENTE	PAÍS

CONTINENTE	PAÍS

7. Imaxina que, como Florencio, escribes un libro homenaxe á túa terra. Que título lle poñerías? Como sería a súa portada?



A Don Baldomero García Fernández,  
admirado berciano e valdeorrés, con  
agarimo.

Nado en terras de León  
o río Sil, pandigueiro  
como mozo das festas,  
camiña polo Bierzo  
libando o bo «clarete»  
daqueles viñedos.  
Sempre cabo das vides  
percorre o seu vieiro,  
a folgar nos relanzos,  
a choutar nos laxedos.  
mais, ouvindo a chamada  
da Viura e do Godello  
que o mel dos acios brindan  
no veigal solleiro  
e ricaz dos «Xigurros»,  
o Sil, vindimarego,  
a súa terra abandona,  
pasa a fronteira por camiño esgrevio  
e, ao chegar a Valdeorras,  
namorado do Val, faise galego.



**pandigueiro:** divertido,  
gracioso

**relanzo:** parte dun río onde  
a auga vai máis lenta ou se  
detén

**choutar:** saltar


**solleiro:** con moito sol

**esgrevio** escabroso



Percorre, afouto, terras  
de frondosos bacelos  
criadoiros de mostos  
consolo dos sedentos.  
Acaróase ao Miño  
para xuntos, ruar no mesmo rueiro;  
a «espora», en Ribadavia  
con Sousón e Verdello;  
no Rosal, de Caíño,  
o grolo derradeiro...  
E a xolda dos compadres  
mergúllase no Océano!

. . . . .  
Saga do Sil enófilo,  
inquedo e pandigueiro.



*acaróase: achégase*

*bacelos: videiras novas*

*enófilo: que lle gusta o viño*



## SAGA DO RÍO PÁNDIGO

1. Unha comarca é un grupo de concellos. No texto menciónase unha das cincuenta e tres comarcas galegas, Valdeorras.


Localiza na sopa de letras as comarcas galegas do recadro.

**Bergantiños**  
**Terra Chá**  
**A Mariña**  
**Deza**  
**A Limia**  
**O Morrazo**  
**Barbanza**  
**Fisterra**

**C B T D Ñ Q Z F L R H V**  
**N B E R G A N T I Ñ O S**  
**O L R S Z A C E X P V G**  
**M O R I D N A G B R F Q**  
**O L A C S T D Z D Ñ I F**  
**R N C E A C E H R X S P**  
**R V H Z L Ñ Z G P S T B**  
**A M A R I Ñ A E C X E T**  
**Z H Ñ G M D X F B A R U**  
**O D F R I E V T Ñ L R N**  
**Z H S B A R B A N Z A X**


2. Busca un concello de cada unha das comarcas da sopa de letras.

<b>Bergantiños</b>	
<b>Terra Chá</b>	
<b>A Mariña</b>	
<b>Deza</b>	
<b>A Limia</b>	
<b>O Morrazo</b>	
<b>Barbanza</b>	
<b>Fisterra</b>	



3. O texto tamén nomea a comarca do Bierzo, a cal pertence a Castela e León. Busca no mapa e escribe o nome das provincias que son limítrofes con Galicia. A continuación pon o nome das provincias galegas e con que limitamos ao norte, sur, leste e oeste.

**A Coruña Portugal Zamora Lugo Mar Cantábrico  
Asturias Ourense Pontevedra León Océano Atlántico**



4. Fai unha oración con cada unha destas palabras que aparecen no poema *Saga do río Pándigo*.

**Laxedo:** \_\_\_\_\_

**Rueiro:** \_\_\_\_\_


**Fronoso:** \_\_\_\_\_

**Acios:** \_\_\_\_\_

**Rueiro:** \_\_\_\_\_

5. O Camiño francés é a ruta con maior tradición histórica do Camiño de Santiago. Algunhas das súas etapas transcorren pola comarca do Bierzo ata chegar ao Cebreiro.


Mirando os datos do recadro, contesta.



■ Cantos kilómetros hai de Ponferrada a Triacastela?

■ E de Villafranca a Triacastela?


■ Se para a seguinte parada na ruta hai o dobre de kilómetros que do Cebreiro a Triacastela, cantos kilómetros serán?




■ Para rematar, busca no Google Maps canto tempo levaría facer o traxecto de Ponferrada a Triacastela en coche e camiñando.

6. O texto fala do río Sil, un dos ríos importantes de Galicia. Es capaz de localizar no mapa o Sil e o resto dos ríos?

**MIÑO EUME EO ULLA ANLLÓNS  
TAMBRE LÉREZ XALLAS SIL**



7. No texto fala das vides e dos viñedos. A vendima, que é cando se recollen as uvas, empeza sobre o mes de setembro. Que outros produtos do outono coñeces? Colorea cinco.



Salve!

Branca, branquiña, branqueira,  
alta bandeira galega:  
branca como unha pombiña,  
azul, coma o mar da Terra.

Branca é a espuma do mar,  
branca é a cor da pureza;  
por iso es ti tamén branca,  
salve,  
miña bandeira galega!

Galiza a do ceo azul,  
do mar azul rodeada;  
por iso ti es azul,  
azul, azul, azulada,  
salve,  
bandeira da Patria amada!

Deixa que os ignorantes  
digan de ti o que queiran,  
do rei Breogán os fillos  
sempre ollarán nesa enseña,  
azul e branca bandeira,  
o rexurdir vitorioso  
da nosa Patria Galega.  
Salve Bandeira!



R.MIÑO

## SALVE

1. Que tipo de texto é? Arrodea a resposta correcta.

**Narrativa    poesía    biografía    ensaio**


2. Cal é a idea principal do texto?

---

3. Ao principio do texto aparece unha familia léxica. Cal é?

---

Forma familias léxicas a partir das seguintes palabras.



<b>Mar</b>				
<b>Lúa</b>				
<b>Flor</b>				
<b>Baile</b>				

4. Tamén aparecen dúas palabras que pertencen ao mesmo campo semántico. Cales son? A que campo semántico pertencen? Completa con catro palabras máis.

<b>PALABRAS</b>	<b>CAMPO SEMÁNTICO</b>	<b>OUTRAS PALABRAS</b>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>		<input type="text"/>
		<input type="text"/>
		<input type="text"/>

5. Atopa na sopa de letras esas seis palabras que aparecen no texto.

**Breogán    bandeira    rei    patria    Galiza    iñorante**



6. Breogán é un rei mitolóxico celta. Unha das festividades celtas máis coñecidas é o Samaín. Lembras en que estación e mes do ano se celebran as seguintes festividades?

	mes	estación
<b>Samaín</b>		
<b>San Xoán</b>		
<b>Magosto</b>		
<b>Os maios</b>		
<b>Entroido</b>		



7. Cal é a túa festividade favorita do ano e por que? Explicao brevemente.

---

---

---

---

8. Varias palabras deste poema aparecen tamén na letra do Himno Galego. Pescuda sobre o tema e contesta ás seguintes preguntas.

▷ Cales son as palabras?

---

▷ Quen escribiu a letra do himno?

---

▷ E a música? \_\_\_\_\_

▷ Onde se interpretou por vez primeira? \_\_\_\_\_



9. O símil ou comparación é unha figura que consiste en establecer unha relación de semellanza entre dúas cousas, imaxes, ideas... Que símil aparece no texto? Escribe ti outros dous.

**O símil é** \_\_\_\_\_

**Outros dous símiles** \_\_\_\_\_

---